

LISTA DE ASISTENTES

Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica

DESCULPAN ASISTENCIA

Alonso Vega, María Flora
Bravo Bernárdez, Jorge

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 8 de abril de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **8 de abril de 2016** ás 10:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de marzo de 2016.
2. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións á proclamación provisional de resultados das eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e proclamación definitiva de resultados.
3. Aprobación, se procede, da modificación do “Regulamento para elixir a representación do estudantado e do persoal de administración e servizos no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento”.
4. Outros asuntos de interese.
5. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de marzo de 2016.

A secretaria da Comisión dá conta dunha alegación presentada por Federico Fernández, non á acta en si, senón á táboa que se acompañou como anexo. Aclara que a táboa que figura no anexo estaba elaborada cos datos provisionais, e foi a que se presentara na propia xuntanza da Comisión. En dita táboa constaba que se presentaran 3 candidaturas no centro 103, Facultade de Dereito de OU, no que corresponden 2 representantes, figurando que se debían facer eleccións. Pero, lembra a secretaria, que unha das candidaturas foi excluída, nesa sesión da Comisión Electoral, por ter presentado o DNI caducado e non emendar o erro, polo tanto, na táboa deben constar só dúas candidaturas e non é necesario realizar eleccións.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións á proclamación provisional de resultados das eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e proclamación definitiva de resultados.

Lémbrese que só cumpría facer eleccións en tres centros: Filoloxía e Tradución: 5 representantes; Enxeñaría de Telecomunicación: 4 representantes; Enxeñaría de Minas: 2 representantes.

O presidente indica que, realizadas as votacións, levouse a cabo a proclamación provisional de resultados. Finalizado o período de reclamacións, non se ten presentado ningunha, polo que se procede á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas electas.

Apróbase por asentimento a relación que se anexa a este acta (**Anexo I**).

Punto 3. Aprobación, se procede, da modificación do “Regulamento para elixir a representación do estudiantado e do persoal da administración e servizos no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento”.

Expón o presidente que o artigo 12 do *Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo* dispón que a elección da representación dos estudantes no Comité de Dirección *renovarase cada dous anos e que se algún ámbito quedase sen representación poderían convocarse eleccións no curso seguinte*.

En maio de 2015 celebráronse eleccións ao Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento. A ditas eleccións presentáronse candidatos só ao ámbito de Humanidades e ao Xurídico Social, quedando vacantes no ámbito científico, no tecnolóxico e no Campus do Mar. De acordo co mencionado artigo 12 do Regulamento da EIDO, dado que tres ámbitos se quedaron sen representación, poderíanse convocar eleccións no ano 2016.

Prosegue explicando que o artigo 11 do regulamento de eleccións para elixir a representación do PAS e do estudiantado na EIDO dispón que para as eleccións constituiranse tres mesas electorais, unha en cada campus. Aclara que esta circunstancia está a causar unha baixa participación por parte do estudiantado, polo que, co fin de facilitar dita participación, sería conveniente que esta elección coincidise con calquera outro proceso no que participen os estudantes e nos que se constitúan mesas electorais en todos os centros.

Dado que no mes de outubro de 2016 se van convocar eleccións de estudantes aos consellos de departamento procedería modificar, algúns dos artigos do *Regulamento para elixir a representación do estudiantado e do PAS no Comité de Dirección da EIDO*, co fin de poder celebrar ao mesmo tempo ambas eleccións. Os artigos que se propón modificar son:

- Artigo 5: suprimir varios programas de doutoramento xa que non hai estudantes matriculados nestes programas
- Artigo 11 e 16: Adaptar o regulamento á normativa doutros procesos electorais
- Artigo 17: No texto orixinal se dicía que a Comisión Electoral comunicaría o resultado definitivo das eleccións á Comisión Electoral, erro evidente que é preciso corrixir

Finaliza o presidente subliñando que son cuestións meramente técnicas, pero que a súa corrección permitirán levar os dous procesos en paralelo.

Pregunta D. Federico Fernández se cando existen vacantes e se convoca o proceso electoral mantense a duración de dous anos do mandato, de xeito que van descompasadas coas outras, ou se limita a duración ata completar o período restante dos dous anos.

Responde o presidente que a idea que se propón é realizar o proceso de elección cando hai vacantes en paralelo con outro proceso electivo. Pero que, de non habelo, sería preciso realizar igualmente as eleccións.

Aclara o Sr. Fernández que se se convocan eleccións só nos ámbitos nos que hai vacantes por un período de dous anos, eses irían descompensados con respecto dos outros ámbitos. A súa pregunta vai no sentido de se o período sería o normal ou ben sería só ata que corresponderan as eleccións “totais”.

Explican a secretaria e o presidente que cada dous anos se convocan eleccións no sector estudantes para todos os ámbitos, pero de quedar vacantes, convocaranse esas vacantes o ano seguinte e, como di o regulamento do EIDO, a renovación producirse ao mesmo tempo que nos demais ámbitos.

Dona Beatriz Vaquero fai unha consideración en relación coa posibilidade de realización do voto electrónico. Solicita que nos campus de Ourense e Pontevedra se habilite un apoio técnico necesario, xa que a experiencia previa de elección de membros do Consello de Campus mediante este procedemento demostrou que era necesario.

Responde o presidente indicando que de realizarse a elección a través de voto electrónico, por suposto se garantirá o apoio técnico preciso. Comenta a secretaria xeral que lamentablemente o voto electrónico, polo de agora non vai ser posible, que está recollido no regulamento das eleccións do EIDO, como posibilidade, pero non se prevé que nestas se poida levar a cabo deste xeito.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Outros asuntos de interese.

Non hai.

Punto 5. Rolda libre de intervencións.

Manifesta dona Mónica Zas o seu malestar pola baixa participación do estudantado nestes procesos de elección de representantes. Considera que debemos facer unha reflexión ao respecto, xa que é un indicio de que estamos a fallar en algo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:50 h do día 8 de abril de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris